

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA

A Comisión Informativa de Cultura reúne telematicamente ás 12,40 horas do día 21 de maio de 2021, baixo a Presidencia de: **D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e coa asistencia dos seguintes deputados/as: **DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO** EN SUBSTITUCIÓN DE DONA MARÍA VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, **DONA ANA MARÍA MEJIAS SACALUGA**, **D. MANUEL GÓNZALEZ MARTÍNEZ**, **D. CARLOS LÓPEZ FONT**, **D. GORKA GÓMEZ DÍAZ**, **DONA NOEMÍ OUTEDA PROL**, **DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS**, **D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ**, **D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO**, **D. JORGE CUBELA LÓPEZ**, **D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ**, **DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ**, **D. IGNACIO MARIL PARDO**, **DONA MARÍA ELENA ESTÉVEZ FREIRE**, **D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS**, **D. JAVIER TOURÍS ROMERO**, **DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA**, actúa como Secretario D. Antonio Santos Guerra, xefe do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose o seguinte acordo:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existindo reparo algún, apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 23 de abril de 2021.

2.- DAR CONTA DAS CONDICIÓN CERAIAS PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATOS DE PATROCINIOS CON ENTIDADES PRIVADAS NO ÁMBITO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS "PONTEVEDRA PLATÓ DE CINEMA"

A presidencia informa sobre as condicións xerais para a realización de contratos de patrocinios con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais "Pontevedra Plató de Cinema" mediante as que se ofrecen a posibilidade de asinar contratos privados de patrocinio para a realización de proxectos audiovisuais ou obras de animación en galego que melloren a visibilidade e a notoriedade da provincia de Pontevedra.

O obxectivo principal desta regulación é promover a industria audiovisual galega, creando valor engadido nos seus proxectos a través da adopción das medidas necesarias para posionalos como un produto cultural capaz de atraer visitantes, proxectar a provincia de Pontevedra como destino, poñer en valor as industrias audiovisuais e creativas e visibilizar boas prácticas que sirvan como referencia para o sector.

Esta liña de patrocinios "Pontevedra, Plató de cinema" imputarase á aplicación 21/330.3340.226.02 do Orzamento da Deputación para o ano 2021 por un importe total de noventa mil (90.000,00) € ata esgotar ese crédito.

3.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

E non habendo mais asuntos que tratar e sendo as 12,45 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

